

INFORME SOBRE O PROCEDEMENTO DA ENQUISA DE SATISFACCIÓN DO ESTUDANTADO SOBRE A DOCENCIA RECIBIDA

Dende o curso 2010-11 a enquisa dirixida ao estudantado para coñecer a súa satisfacción coa docencia recibida faise de xeito telemático, estendendo así o procedemento que se empregaba para os másteres oficiais dende o curso 2009-10 ás titulacións de 1º e 2º ciclo e graos. Aproveitouse para introducir un novo cuestionario que se adaptase mellor ás necesidades de información xurdidas como consecuencia da adaptación dos títulos ao EEES.

A aplicación deste procedemento a todas as enquisas de satisfacción coa docencia recibida conseguiu:

- a. Eliminar a carga de traballo que recaía nos centros docentes posto que a planificación do traballo de campo dependía da xestión académica dos centros, dende a fase de planificación e selección dos/as entrevistadores/as ata a realización do traballo de campo e o envío da documentación aos servizos centrais da Universidade.
- b. Eliminar a carga de traballo na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos correspondente á lectura óptica dos formularios que se achegaba aos 3 meses cada cuadrimestre.
- c. Reducir o tempo de obtención dos informes individuais por parte da área TIC xa que actualmente faise de forma automatizada a través da aplicación informática que da cobertura á enquisa.
- d. Reducir o elevado custo económico (papel de lectura óptica e realización do traballo de campo) ademais do correspondente aos recursos humanos.
- e. Aliñarse co plano de desenvolvemento sostible no emprego eficiente dos recursos e redución da pegada ecolóxica.
- f. Eliminar as incidencias relativas á fase de campo: o profesorado presente na aula non coincidía coa listaxe que levaban os/as entrevistadores/as xa que o POD non estaba actualizado ou se tiñan feito cambios non notificados aos/ás encargados/as da planificación nos centros, a aula estaba pechada e non se podían facer as enquisas porque as clases tiñan rematado ou se fixeran cambios nas aulas sen ser notificados, profesorado que se negaba a ceder o tempo necesario para a realización da enquisa, profesorado que non asinaba o sobre despois da realización da enquisa, o cuestionario empregado non era o que correspondía, retrasos no envío dende os centros da documentación,...
- g. Emprego da secretaría virtual do profesorado para a solicitude de revisión dos informes provisionais e emisión de certificacións oficiais.
- h. Redución do tempo na resolución das revisións dos informes provisionais xa que en moitos casos tíñanse que consultar os formularios en papel para determinar se existiran erros no seu tratamento.
- i. Eliminar das solicitudes de revisión dos informes provisionais os seguintes motivos: o estudantado marchaba da aula e non facía a enquisa, o día da entrevista non era o propicio xa que non había moitos/as estudantes na aula, responderon estudantes que non era alumnos/as da materia, cuestionarios en branco,...
- j. Garantir que todo o estudantado matriculado nunha materia poida cubrir a enquisa aínda que o día da entrevista non asistira ás actividades académicas.

En resume, co procedemento actual temos un menor custo económico, temporal e de recursos humanos, sobre todo no relativo á eliminación da importante carga de traballo que recaía nos centros, e

ademais garántese a posibilidade de que todo o estudantado matriculado nunha materia poida participar no proceso.

Certo é que o procedemento actual tamén presenta limitacións, cuestión case ineludible neste tipo de estudos sociais cunha diversa e elevada casuística. De feito, o procedemento actual comparte co anterior algunha das súas limitacións:

- a. A poboación de estudantes para a asociación materia-profesor/ra, que é o nivel de maior desagregación dos informes, é en moitos casos pequena.
- b. Non se selecciona unha mostra representativa de alumnos/as.
- c. O estudantado participa voluntariamente.
- d. As bases de datos da universidade non permiten coñecer o número de estudantes asociados/as a cada profesor/ra en cada materia, o que non posibilita a obtención exacta da participación dos/as alumnos/as a ese nivel.
- e. Baixa participación.

Non poden considerarse limitacións nin do actual nin do anterior procedemento argumentacións relativas á veracidade das opinións do estudantado, ao perfil do estudantado participante, nin ao feito de que os/as estudantes que non asisten regularmente ás actividades académicas poidan participar no proceso xa que:

1. A USC debe garantir a todo estudantado a posibilidade de poder manifestar a súa opinión sobre a docencia recibida.
2. Non hai motivos para supoñer que os/as estudantes que responden á enquisa sexan unicamente os/as que non asisten ás clases, ou descontentos/as, ou repetidores/as,... coma tampouco os/as que asisten regularmente, os/as satisfeitos/as, ou os/as de primeira matrícula,...
3. A progresiva desaparición das licenciaturas e a implantación paulatina dos graos e másteres oficiais fai pensar que a asistencia habitual do estudantado ás actividades académicas será a norma xeral, sobre todo cando figura explicitamente en moitas materias como requisito para determinados procesos de avaliación do estudantado.
4. No caso do estudantado que non asista regularmente ás clases, agás concorran outras circunstancias, o máis seguro é que non participe no proceso, e de participar nel, responderá ás cuestións sobre as que ten unha opinión definida xa que non ten a obriga de responder a todas as preguntas. A actividade do estudantado nunha materia non se limita á actividade na aula senón que inclúe outros aspectos (traballo autónomo, aula virtual, lecturas, actividades complementarias,...) polo que todo/a estudante terá criterio para opinar sobre algún aspecto da docencia recibida, cando menos, poderá contestar algúns *items* do cuestionario. Neste sentido, non hai motivos para dúbidas da seriedade e responsabilidade do noso estudantado que participa voluntariamente no proceso.

Co procedemento actual, antes de que os informes sexan elevados a definitivos, comunícase a todo o profesorado e responsables académicos/as a dispoñibilidade dos informes provisionais para comprobar que non se teña producido ningunha incidencia ou inconsistencia. Neste período os/as interesados/as poden solicitar a revisión do seu informe. O procedemento da enquisa pódese consultar no enlace <http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/enquisas.html>.

Son cada vez menos as incidencias relativas ás dúbidas sobre a veracidade da opinión emitida polo estudantado sobre a docencia recibida nunha materia. En xeral, non son atendidas agás concorran circunstancias que demostren a falsidade das opinións subministradas polo estudantado.

En relación ás incidencias relativas a información do POD que se emprega para o deseño técnico da enquisa e que consiste na identificación materia-profesor/ra, unicamente son atendidas aquelas que,

despois de ser informadas polo órgano responsable da aprobación e actualización do POD, son xustificadas.

A meirande parte das solicitudes de revisión do profesorado sobre os informes provisionais baséanse, con distintas argumentacións, na baixa porcentaxe de estudantes que responden ás enquisas. Certo é que estas reclamacións, case na súa totalidade, preséntanse unicamente nas situacións de resultados do profesorado por debaixo dos xerais da Universidade.

Os datos da participación do estudantado poden consultarse a diferentes niveis de agregación no enlace <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/informesdatos/alumdocrecibida.html>. Todas as medidas consideradas para acadar unha maior participación (incentivos, premios, obrigatoriedade,...) foron desestimadas baseándose no feito de que poderían ter efectos negativos sobre a calidade da información subministrada. Sen embargo, empréganse outras iniciativas dirixidas ao fomento da participación: cada cuadrimestre comunícase a todo o profesorado e todos/as responsables académicos/as o comezo do período de enquisas solicitándolle a súa colaboración e difusión na procura do fomento da participación do estudantado, realizáronse carteis publicitarios do proceso informando do seu interese e utilidade, e solicitouse aos centros a difusión destes estudos nas xornadas de presentación de comezo do curso académico. Do mesmo xeito, envíanse correos electrónicos e mensaxes aos móbiles do estudantado para activar e promover a súa participación lembrándolle a relevancia da súa opinión.

No relativo á participación do estudantado, debe quedar claro que aínda que sería desexable que fora maior, a cumprimentación da enquisa por parte do estudantado ten un carácter voluntario e, o feito de que nunha determinada materia, o número de estudantes que finalmente participen na enquisa non sexa elevado non sustenta a anulación da información que transmiten e a súa validez. Débese distinguir por tanto entre a validez da información subministrada polo estudantado e a súa bondade en relación ao universo total de estudantes en cada asociación materia-profesor/ra.

Nos casos de baixa participación do estudantado non se debe proceder de forma sistemática a súa anulación pois tería como consecuencia directa a eliminación para informes agregados (materia, nivel, título, departamento, centro, área, USC...) coa redución da cantidade de información empregada nestes resumes. Débese ter en conta que esta información é empregada polos títulos, centros e a propia USC nos procesos de mellora da calidade docente e en moitos casos, en estudos que amosan o seu posicionamento comparado.

Se ben é certo, neses casos de baixa participación, a información subministrada ao profesorado debe ser analizada coas debidas limitacións. É importante deixar claro que o estudantado non “avalía” ao/á profesor/ra senón que manifesta a súa opinión pois as preguntas non se refiren á formación do profesorado senón que tratan de recoller a percepción do/a estudante sobre a docencia recibida. No caso de que o profesor ou a profesora necesite acreditar a información subministrada polo estudantado, a certificación emitida pola Universidade incorpora, tal e como se recolle no informe que o profesorado visualiza na súa secretaría virtual, o número de estudantes que responderon á enquisa e o número total de posibles respostas na materia. Estes dous elementos permiten contextualizar a información recollida no informe cara o exterior da nosa Universidade.

O profesorado debe exercer un papel dinamizador do proceso facendo ver ao estudantado a utilidade da súa opinión, non soamente cando non sexa favorable, nestes casos será de utilidade para tratar de mellorar o labor docente, senón tamén cando é satisfactoria xa que este/a profesor/ra pode ser exemplo de boas prácticas para outros/as. Todos os axentes implicados neste proceso debemos empregar os nosos esforzos para dinamizar e facer comprender a todos/as os/as participantes nel a súa importancia e a utilidade que ten coñecer a opinión do estudantado cara á mellora continua do labor docente. Neste sentido é relevante a colaboración de todo o profesorado no fomento da participación do estudantado.

Dado que a meirande parte das solicitudes de revisión dos informes provisionais se producen nos casos de baixa participación convén analizar a posibilidade de establecer algún criterio que permita non emitir as certificacións para a asociación materia-profesor/ra nestas situacións aínda que esta información sexa igualmente empregada para informes agregados (materia-título-rama-centro-universidade).

O estudo que se presenta de seguido intenta amosar as consecuencias que tería a decisión de non emitir as certificacións para o profesorado nas materias que, baixo “algún criterio”, correspondan a situacións de baixa participación do estudiantado. Cómpre sinalar que este criterio debe ser homoxéneo para o conxunto do profesorado e de titulacións pois non cabe establecer un criterio “a medida” do/a usuario/a.

A análise que se presenta, con base nos datos do curso 2012-13, é unha das moitas que se poden realizar para os informes das enquisas e tenta ser unha aproximación para que a comunidade universitaria coñeza as consecuencias da anulación da información para o profesorado, a nivel de cada materia, en función da participación do alumnado.

Da análise realizada, conclúese que:

- A decisión de non emitir as certificacións dos/as profesores/as correspondentes ás materias con baixa participación afectaría a unha alta porcentaxe destas certificacións.
- En xeral, no caso das certificacións que non serían emitidas, o grao de satisfacción coa docencia recibida é alto (valores maiores ou iguais a 3).

En conclusión, os esforzos deberían ir máis que na dirección da supresión dos informes individualizados dos/as profesores/as nestes casos de baixa participación, cara:

- Á determinación do número real de estudantes de cada profesor/ra en cada materia que permitirá coñecer a taxa de participación real, ou mellores aproximacións á mesma como pode ser o emprego do tamaño medio dos grupos de docencia.
- Ao fomento da participación, coa implicación de todos/as os/as implicados/as no proceso (estudiantado, profesorado e responsables académicos/as), tanto continuando coa difusión do mesmo coma empregando medidas activas para favorecela.

ANÁLISE

Nestas análises determínase, baixo dous escenarios distintos de baixa participación do alumnado, as consecuencias que tería a non emisión de certificacións. Primeiramente establécese o número de asociacións materia-profesor/ra que estarían afectadas pola medida e posteriormente o seu tipo tanto en termos do grao de satisfacción coma da participación do estudantado.

OPCIÓN 1.

Unha posibilidade é non emitir a certificación para o/a profesor/ra nunha materia nos casos en que a participación é inferior ao 15% do estudantado da materia. Débese ter en conta que, na situación actual, a participación calculada ven establecida en función do número total de estudantes matriculados/as na materia xa que non se dispón do número correspondente á asociación materia-profesor/ra, é dicir, do número de estudantes de cada profesor/ra en cada materia, polo que en moitos casos o dato existente infravalora a participación real.

1. GRAOS

O número de asociacións materia-profesor/ra que estarían afectadas pola medida no curso 2012-13, nos estudos de grao, é de 1756 (un 49,56% das totais) que quedarían eliminadas. En termos xerais, a satisfacción media do estudantado é semellante tanto nos informes eliminados coma incluídos comparativamente co conxunto de todos os informes.

GRAO	Nº de informes	%	Satisf. Media
Eliminados	1756	49,56	3,69
Incluídos	1787	51,44	3,71
Todos	3543	100,00	3,70

Na seguinte táboa amósase o tipo de informes que serían eliminados. Segundo a satisfacción media, a meirande parte dos informes que serían eliminados (1300, un 79,73%) corresponde a informes con grao de satisfacción iguais ou superiores a 3, e case o 41% con grao de satisfacción superiores ou iguais a 4.

GRAO	Todos		Eliminados		Incluídos	
	Nº de informes	%	Nº de informes	%	Nº de informes	%
[1,2)	108	3,05	73	4,16	35	1,96
[2,3)	523	14,76	283	16,12	240	13,43
[3,4)	1351	38,13	681	38,78	670	37,49
[4,5]	1561	44,06	719	40,95	842	47,12
	3543		1756		1787	

Para aproximarse á comprobación de se unha baixa participación ten como consecuencia un menor grao de satisfacción por parte do estudantado construíronse as seguintes táboas tanto en función do número de participantes coma da porcentaxe de participantes. Nelas se presenta o grao de satisfacción medio en función da participación do estudantado para cada asociación materia-profesor/ra.

GRAO	Todos		Eliminados		Incluídos	
	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media
[1,9]	1880	3,75	1083	3,64	797	3,88
[10,19]	961	3,71	508	3,72	453	3,70
[20,29]	438	3,69	128	3,81	310	3,62
[30,39]	164	3,62	21	3,49	143	3,64
[40,49]	63	3,59	8	2,98	55	3,65
[50,59]	25	3,96	6	3,70	19	4,04
[60,-)	12	3,63	2	3,96	10	3,58
Total	3543	3,70	1756	3,69	1787	3,71

GRAO	Todos		Eliminados		Incluídos	
	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media
Porcent. participantes						
(0,10)	1282	3,65	1282	3,65	-	-
[10,15)	474	3,75	474	3,75	-	-
[15,20)	378	3,74	-	-	378	3,74
[20,30)	630	3,65	-	-	630	3,65
[30,40)	317	3,68	-	-	317	3,68
[40,50)	162	3,73	-	-	162	3,73
[50,60)	137	3,83	-	-	137	3,83
[60,70)	70	3,64	-	-	70	3,64
[70,80)	23	4,02	-	-	23	4,02
[80,90)	14	4,35	-	-	14	4,35
[90,100]	56	4,55	-	-	56	4,55
Total	3543	3,70	1756	3,69	1787	3,71

A táboa seguinte amosa as correlacións de Spearman entre a satisfacción media e tanto o número de participantes coma a porcentaxe de participantes. A maior parte son significativas aínda que amosando unha feble relación polo que non parece darse o efecto de que unha maior participación leva consigo un maior grao de satisfacción.

GRAO	Todos	Eliminados	Incluídos
Nº participantes-Grao de satisfacción	-0,142(*)	-0,024	-0,278(*)
Porcent. participantes-Grao de satisfacción	0,125(*)	0,074(*)	0,143(*)

(*) Significativa al 0,05%.

2. MÁSTER

O número de asociacións materia-profesor/ra que estarían afectadas pola medida no curso 2012-13, nos estudos de máster, é de 251 (un 19,02% das totais) que quedarían eliminadas. En termos xerais, a satisfacción media do estudantado é semellante tanto nos informes eliminados coma incluídos comparativamente co conxunto de todos os informes.

MASTER	Nº de informes	%	Satisf. Media
Eliminados	251	19,02	3,86
Incluídos	1069	80,98	3,94
Todos	1320	100,00	3,94

Na seguinte táboa amósase o tipo de informes que serían eliminados. Segundo a satisfacción media, a meirande parte dos informes que serían eliminados (227, un 90,44%) corresponde a informes con grao de satisfacción iguais ou superiores a 3, e o 61,36% con grao de satisfacción superiores ou iguais a 4.

MASTER	Todos		Eliminados		Incluídos	
	Nº de informes	%	Nº de informes	%	Nº de informes	%
[1,2)	39	2,95	8	3,19	31	2,90
[2,3)	97	7,35	16	6,37	81	7,58
[3,4)	394	29,85	73	29,08	321	30,03
[4,5]	790	59,85	154	61,36	636	59,49
	1320		251		1069	

Para aproximarse á comprobación de se unha baixa participación ten como consecuencia un menor grao de satisfacción por parte do estudiantado construíronse as seguintes táboas tanto en función do número de participantes coma da porcentaxe de participantes. Nelas se presenta o grao de satisfacción medio en función da participación do estudiantado para cada asociación materia-profesor/ra.

MASTER	Todos		Eliminados		Incluídos	
	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media
[1,4]	941	4,06	227	4,04	714	4,07
[5,9]	304	3,89	13	3,99	291	3,89
[10,14]	68	3,80	6	3,51	62	3,82
[15,-)	7	3,55	5	3,38	2	4,03
Total	1320	3,94	251	3,86	1069	3,94

MASTER	Todos		Eliminados		Incluídos	
	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media
Porcent. participantes						
(0,10)	107	3,89	107	3,89	-	-
[10,15)	144	3,85	144	3,85	-	-
[15,20)	114	3,95	-	-	114	3,95
[20,30)	310	3,86	-	-	310	3,86
[30,40)	223	4,02	-	-	223	4,02
[40,50)	132	3,92	-	-	132	3,92
[50,60)	140	4,06	-	-	140	4,06
[60,70)	75	3,94	-	-	75	3,94
[70,80)	7	4,21	-	-	7	4,21
[80,90)	19	3,56	-	-	19	3,56
[90,100]	49	3,97	-	-	49	3,97
Total	1320	3,94	251	3,86	1069	3,94

A táboa seguinte amosa as correlacións de Spearman entre a satisfacción media e tanto o número de participantes coma a porcentaxe de participantes. A maior parte son significativas aínda que amosando unha feble relación polo que non parece darse o efecto de que unha maior participación leva consigo un maior grao de satisfacción.

MASTER	Todos	Eliminados	Incluídos
Nº participantes-Grao de satisfacción	-0,239(*)	-0,257(*)	-0,242(*)
Porcent. participantes-Grao de satisfacción	0,022	-0,045	0,067(*)

(*) Significativa al 0,05%.

OPCIÓN 2.

Outra posibilidade analizada é non emitir a certificación para o/a profesor/ra nos casos en que:

- Participan menos de 3 estudantes se a materia ten menos de 20 estudantes.
- Participan menos do 15% do estudiantado se a materia ten 20 estudantes ou máis.

Débase ter en conta que, na situación actual, a participación calculada ven establecida en función do número total de estudantes matriculados/as na materia xa que non se dispón do número correspondente á asociación materia-profesor/ra, é dicir, do número de estudantes de cada profesor/ra en cada materia, polo que en moitos casos o dato existente infravalora a participación real.

1. GRAO

O número de asociacións materia-profesor/ra que estarían afectadas pola medida no curso 2012-13, nos estudos de grao, é de 1975 (un 55,74,56% das totais) que quedarían eliminadas. En termos xerais, a satisfacción media do estudiantado é semellante tanto nos informes eliminados coma incluídos comparativamente co conxunto de todos os informes.

GRAO	Nº de informes	Porcent.	Satisf. Media
Eliminados	1975	55,74	3,70
Incluídos	1568	44,26	3,70
Todos	3543	100,00	3,70

Na seguinte táboa amósase o tipo de informes que serían eliminados. Segundo a satisfacción media, a meirande parte dos informes que serían eliminados (1604, un 81,21%) corresponde a informes con grao de satisfacción iguais ou superiores a 3, e aproximadamente o 45% con grao de satisfacción superiores ou iguais a 4.

GRAO	Todos		Eliminados		Incluídos	
	Nº de informes	%	Nº de informes	%	Nº de informes	%
[1,2)	108	3,05	75	3,80	33	2,1
[2,3)	523	14,76	296	14,99	227	14,48
[3,4)	1351	38,13	714	36,15	637	40,63
[4,5]	1561	44,06	890	45,06	671	42,79
	3543		1975		1568	

Para aproximarse á comprobación de se unha baixa participación ten como consecuencia un menor grao de satisfacción por parte do estudiantado construíronse as seguintes táboas tanto en función do número de participantes coma da porcentaxe de participantes. Nelas se presenta o grao de satisfacción medio en función da participación do estudiantado para cada asociación materia-profesor/ra.

GRAO	Todos		Eliminados		Incluídos	
	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media
[1,9]	1880	3,75	1302	3,69	578	3,84
[10,19]	961	3,71	508	3,72	453	3,71
[20,29]	438	3,69	128	3,81	310	3,62
[30,39]	164	3,62	21	3,49	143	3,68
[40,49]	63	3,59	8	2,98	55	3,65
[50,59]	25	3,96	6	3,70	19	4,04
[60,-]	12	3,63	2	3,96	10	3,58
Total	3543	3,70	1975	3,70	1568	3,70

GRAO	Todos		Eliminados		Incluídos	
	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media
Porcent. participantes						
(0,10)	1282	3,85	1282	3,65	-	-
[10,15)	474	3,75	474	3,75		
[15,20)	378	3,74	29	4,14	349	3,74
[20,30)	630	3,65	75	4,34	555	3,64
[30,40)	317	3,68	26	4,18	291	3,68
[40,50)	162	3,73	12	4,45	150	3,73
[50,60)	137	3,83	23	4,17	114	3,82
[60,70)	70	3,64	10	4,05	60	3,63
[70,80)	23	4,02	-	-	23	4,02
[80,90)	14	4,35	-	-	14	4,35
[90,100]	56	4,55	44	4,82	12	4,25
Total	3543	3,70	1975	3,70	1568	3,70

A táboa seguinte amosa as correlacións de Spearman entre a satisfacción media e tanto o número de participantes coma a porcentaxe de participantes. A maior parte son significativas aínda que amosando unha feble relación polo que non parece darse o efecto de que unha maior participación leva consigo un maior grao de satisfacción.

GRAO	Todos	Eliminados	Incluídos
Nº participantes-Grao de satisfacción	-0,142(*)	-0,163(*)	-0,132(*)
Porcent. participantes-Grao de satisfacción	0,125(*)	0,216(*)	0,098(*)

(*) Significativa al 0,05%.

2. MASTER

O número de asociacións materia-profesor/ra que estarían afectadas pola medida no curso 2012-13, nos estudos de máster, é de 684 (un 51,82% das totais) que quedarían eliminadas. En termos xerais, a satisfacción media do estudantado é semellante tanto nos informes eliminados coma incluídos comparativamente co conxunto de todos os informes.

MASTER	Nº de informes	Porcent.	Satisf. Media
Eliminados	684	51,82	4,00
Incluídos	636	48,18	3,91
Todos	1320	100,00	3,94

Na seguinte táboa amósase o tipo de informes que serían eliminados. Segundo a satisfacción media, a meirande parte dos informes que serían eliminados (614, un 89,77%) corresponde a informes con grao de satisfacción iguais ou superiores a 3, e aproximadamente o 64% con grao de satisfacción superiores ou iguais a 4.

MASTER	Todos		Eliminados		Incluídos	
Satisf. media	Nº de informes	%	Nº de informes	%	Nº de informes	%
[1,2)	39	2,95	30	4,38	9	1,42
[2,3)	97	7,35	40	5,85	57	8,96
[3,4)	394	29,85	174	25,44	220	34,59
[4,5]	790	59,85	440	64,33	350	55,03
	1320		684		636	

Para aproximarse á comprobación de se unha baixa participación ten como consecuencia un menor grao de satisfacción por parte do estudiantado construíronse as seguintes táboas tanto en función do número de participantes coma da porcentaxe de participantes. Nelas se presenta o grao de satisfacción medio en función da participación do estudiantado para cada asociación materia-profesor/ra.

MASTER	Todos		Eliminados		Incluídos	
Nº participantes	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media
[1,4]	941	4,06	660	4,09	281	4,04
[5,9]	304	3,89	13	3,99	291	3,89
[10,14]	68	3,80	10	3,49	62	3,82
[15,-)	7	3,55	5	3,38	2	4,03
Total	1320	3,94	684	4,00	636	3,91

MASTER	Todos		Eliminados		Incluídos	
Porcent. participantes	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media	Nº de informes	Satisf. media
(0,10)	107	3,89	107	3,89	-	-
[10,15)	144	3,85	144	3,85	-	-
[15,20)	114	3,95	75	4,01	39	3,90
[20,30)	310	3,86	173	4,00	137	3,81
[30,40)	223	4,02	69	4,09	154	4,01
[40,50)	132	3,92	14	4,01	118	3,91
[50,60)	140	4,06	51	4,31	89	4,02
[60,70)	75	3,94	25	4,43	50	3,86
[70,80)	7	4,21	-	-	7	4,21
[80,90)	19	3,56	-	-	19	3,56
[90,100]	49	3,97	26	4,60	23	3,89
Total	1320	3,94	684	4,00	636	3,91

A táboa seguinte amosa as correlacións de Spearman entre a satisfacción media e tanto o número de participantes coma a porcentaxe de participantes. A maior parte son significativas aínda que amosando unha feble relación polo que non parece darse o efecto de que unha maior participación leva consigo un maior grao de satisfacción.

MASTER	Todos	Eliminados	Incluídos
Nº participantes-Grao de satisfacción	-0,239(*)	-0,215(*)	-0,141(*)
Porcent. participantes-Grao de satisfacción	0,022	0,116(*)	0,050

(*) Significativa al 0,05%.